

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36018631	CEP Xosé Neira Vilas	Gondomar	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	2º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	14
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	14
6. Medidas de atención á diversidade	15
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	19

1. Introducción

A Educación Plástica e Visual deberá ser entendida como unha linguaxe universal, sen fronteiras. É un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición. A área de Educación Plástica e Visual tentará desenvolverse ao máximo a pesar da limitación horaria semanal. Débese aproveitar a motivación que provoca no alumnado. É unha materia educativa moi ben aceptada, valorada e apreciada polo alumnado.

Neste centro, e tendo en conta que a PDI do centro para este curso escolar é Artes e Oficios, farase especial fincapé no traballo das diferentes manifestacións artísticas en relación cos oficios como fonte de variedade e riqueza cultural, artística e social, con especial relevancia daquelas procedentes da contorna e relacionadas co medio ambiente, de sorte que esta materia exerza de axente solidario e cohesionador social.

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente Programación Didáctica (PD) está pensada para poder traballar conxuntamente coas outras materias do currículo.

A súa finalidade principal na Educación Primaria neste centro será:

- Desenvolver no alumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes audiovisuais.
- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.
- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.
- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.

Cada unha das 4 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle o alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación artística debe ser potenciada. Darase especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a expresión plástica e audiovisual, así como con outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que 3 das UD teñen unha temporalización de carácter trimestral, mentres que a 4ª UD viaxará o longo de todo o curso ao aparecer nos 3 trimestres, complementando as anteriores. De todas o resultado será un produto artístico e un produto final de centro.

Cada Unidade Didáctica estará divida en varios apartados:

- A Plástica e o seu contexto: Observación de obras representativas de arte. Obras elexidas e seleccionadas tendo en conta a idade e a evolución do alumnado.
- Creatividade e composición: Elaboración de obras propias empregando diferentes materiais e técnicas.
- Sección de volume: Realización de 1 produto por trimestre con distintos materiais, dinámicas e técnicas.
- Nova visión plástica: Animacións, imaxes, emprego de ordenador...
- Sección lúdica: Xogos e actividades para practicar o aprendido e para fomentar a participación e a desinhibición.
- Valoración da arte en si mesma a través das súas propias producións e dos demais, así como dos distintos artistas nas distintas ramas artísticas.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Arte expresión	Esta UD inicia as bases para este curso, a dinámica, a rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material. Traballarase a recepción activa e a vivencia na ampliación dos elementos básicos da expresión plástica e audiovisual. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	23	7	X		
2	Arte e muros.	Esta UD2 prosegue o traballo da UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos plásticos e audiovisuais relacionados coas formas. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballaranse de xeito máis destacado e especialmente o muralismo como técnica cooperativa no 1º ciclo.	23	6		X	
3	Arte Es cultura.	A UD3 desenvolve os elementos dos contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados e aplicarlos nos deseños e composicións máis elaboradas e estruturadas. As Letras Galegas serán de	24	5			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Arte Es cultura.	especial relevancia. O Día das Artes Galegas será de especial relevancia con Francisco Asorey, considerado un dos renovadores da arte galega e unha das figuras máis relevantes da renovación da arte escultórica española do século XX.	24	5			X
4	Inspir-Arte	Esta UD inicia o alumnado na vida e obra de artistas galegos e nacionais que apoiarán visualmente nas distintas UD.	30	17	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Arte expresión	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Amosar curiosidade e interese por obras diferentes.	TI	100
CA1.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Ser quen de manifestar o que suxiren distintas obras plásticas de distintas contornas.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valorar e respectar a estética das obras representadas e realizadas.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias de maneira guiada, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Colaborar de xeito positivo na realización dunha obra artística inspirada nunha obra de Laxeiro.		
CA2.6 - Manifestar respecto na creación de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valorar e respectar as producións propias e alleas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Gozar coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Elementos configurativos da linguaxe visual: punto, liña, plano, textura, cor. Experimentación básica. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais básicos para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plásticos e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Recursos dixitais básicos para as artes audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
2	Arte e muros.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.		
CA1.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Describir con termos propios da linguaxe plástica as características de feitos artísticos e os seus creadores presentes na contorna.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valorar e respecta as producións propias e alleas.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Utilizar o punto, a liña e o plano ao representar o entorno próximo e o imaxinario. Practicar con precisión o recorte, o pegado e o pintado.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Colaborar de xeito positivo na realización dun mural cooperativo.		
CA2.6 - Manifestar respecto na creación de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valorar e respectar a estética das obras representadas e realizadas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valorar e respectar os diferentes tipos de propostas artísticas audiovisuais.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Tomar parte, con axuda, no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Amosar interese polo traballo individual e colabora co grupo para a consecución dun fin colectivo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Técnicas e estratexias básicas de comprensión da imaxe e descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: punto, liña, plano, textura, cor. Experimentación básica. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais básicos para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plásticos e visuais.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Vocabulario específico básico das artes audiovisuais. - Recursos dixitais básicos para as artes audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
3	Arte Es cultura.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descubrir, con axuda, propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	TI	100
CA1.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	esenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada.		
CA1.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Describir e identificar as calidades e as características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial (duro/ brando, liso/rugoso, suave/áspero).		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valorar e respectar os diferentes tipos de expresión plástica.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Colaborar de xeito positivo a través de aprendizaxe de servizo en creacións artísticas con elementos básicos da linguaxe plástica e visual.		
CA2.6 - Manifestar respecto na creación de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valorar a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para acadar o resultado final proposto.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada.		
CA3.4 - Desenvolver a capacidade de identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identificar, coñecer e relacionar co ordenador e a pantalla dixital as características dos elementos naturais e artificiais nas obras traballadas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Valorar e respectar as producións propias e alleas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Elaborar e representar unha presentación audiovisual.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Participar de xeito cooperativo, de xeito guiado, na creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valorar e respectar os diferentes tipos de expresión plástica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Técnicas e estratexias básicas de comprensión da imaxe e descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: punto, liña, plano, textura, cor. Experimentación básica. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas.

Contidos

- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais básicos para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plásticos e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na cont
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Vocabulario específico básico das artes audiovisuais.
- Recursos dixitais básicos para as artes audiovisuais.
- Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
4	Inspir-Arte	17

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas.	Describir de forma oral e gráfica, con axuda, elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respectar e valorar as obras propias e alleas.		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada e con axuda no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas.		
CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas.	Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais.		
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas.		
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participar de maneira guiada, e con axuda, no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Compartir as experiencias creativas, gozando do proceso e o resultado final obtido.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Respectar e interesarse polas producións alleas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias básicas de recepción activa.
- Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Técnicas e estratexias básicas de comprensión da imaxe e descrición de imaxes presentes no contexto próximo.
- Elementos configurativos da linguaxe visual: punto, liña, plano, textura, cor. Experimentación básica.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. Formas, texturas e cores nas producións das diferentes creacións plásticas.
- Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais.
- Recursos dixitais básicos para as artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Principais profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plásticos e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na cont
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias básicas de recepción activa.
- Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Recoñecer e interpretar imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero.
- Vocabulario específico básico das artes audiovisuais.
- Recursos dixitais básicos para as artes audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas.
- Ferramentas adecuadas para o rexistro da imaxe e do son: manexo. Programas informáticos sinxelos de debuxo: inicio de forma guiada no seu uso.
- Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

O traballo individual, en pequeno ou gran grupo, o traballo cooperativo, así como a aprendizaxe de servizo, serán as opcións máis empregadas para favorecer a participación total do alumnado. Todo isto debe rexirse polos principios de normalización e inclusión e así poder atender á diversidade existente na nosa aula. En resumo, a metodoloxía será activa, participativa, comunicativa e intentará incluír novas experiencias que fomenten a innovación educativa na medida que seña posible, coa finalidade de incentivar e motivar ao alumnado cara a novas formas de expresión.

A UD4, que viaxa ao longo do tempo ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía axil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
 - Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas.
 - Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
 - Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
 - Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
 - Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
 - Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
 - Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
 - Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.
- Temos en conta o DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe): Cando se fala do deseño universal para a aprendizaxe, adóitanse diferenciar tres áreas fundamentais: a representación, a motivación e a acción e expresión. A representación fai referencia ao contido e aos coñecementos: que aprender. Ofreceranse distintas opcións para o acceso ao contido, tanto a nivel perceptivo como comprensivo. A motivación implica compromiso e cooperación, supón involucrarse: por que aprender. Proveranse diferentes formas de contribuír ao interese dos estudantes, tanto para captalo como para mantelo, promovendo a súa autonomía e a súa capacidade de autorregulación. A acción e a expresión responden a como aprender. Neste caso, outorgando todo o protagonismo aos alumnos, mediante o emprego de metodoloxías activas.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS:

METODOLOXÍA COMUNICATIVA, INCLUSIVA, ACTIVA E PARTICIPATIVA. Dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias; desenvolvemento metodolóxico que permita integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

APRENDIZAXE POR COMPETENCIAS. Deseño de actividades de aprendizaxe integradas que permitan completar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. **APRENDIZAXE COOPERATIVA.** Integración de distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e ter en conta os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos.

LECTURA, ELEMENTO TRANSVERSAL

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital): reprodución audio e vídeo, editor partituras, gravación, etc.
Pantalla dixital
Altosfalantes, gravadoras.
Pinceis e témperas
Materiais funxibles artísticos.
Imaxes artísticas, vídeos relacionados coa arte.
Páxina web do centro: sección Aula de EPV/Aula Virtual
Pasta de modelaxe

O espazo habitual no que se desenvolverá a materia de plástica será a aula, o espazo de centro (patios e aula de laboratorio que fai as veces de aula de plástica e mesmo na contorna.

Existe material diverso para a tender ás diferentes propostas e para dinamizar distintos traballos cooperativos.

O material empregado terá como criterio principal a sostibilidade e o interese e motivación do alumnado, así como a simultaneidade no centro.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revísanse os informes individualizados do noso alumnado do curso anterior dado que as titoras permanecen co grupo.

Realizarase unha avaliación inicial durante as 4 primeiras sesións e a través de produción/s concreta/s que permitan establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o. Esta consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	23	23	24	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 33,3%

-2º trim. 33,3%

-3º trim. 33,3%

Os pesos outorgados aos criterios de avaliación, así como o seu agrupamento e pesos por Unidades Didácticas correspóndese cos criterios de cualificación establecidos para o nivel e a área na Concreción Curricular do centro. De xeito detallado, podemos especificar o seguinte:

- Desempeño competencial: 65% da cualificación da área

O desempeño competencial está asociado aos criterios de avaliación recollidos nas unidades didácticas, nos que se traballará sobre a adquisición de coñecementos, a posta en marcha de destrezas relativas á área. A cualificación realizarase a través de táboas de indicadores e probas escritas (evidencias individuais e colectivas do alumando ao longo de todo o proceso).

- Actitude e convivencia: 35% da cualificación da área

Cómpre aclarar neste apartado que por Actitude e Convivencia, non nos referimos a comportamento e/ou conductas reguladas mediante NOFC, Lei 4/11 e D8/15 de Convivencia (o comportamento non é avaliabile), senón que este apartado se refire ao establecido na concreción curricular aprobada o curso 22-23 sobre motivación, interese, participación..., observable en comportamentos como "mostrar actitude de...", "traballar de forma cooperativa", "Expresar actitudes positivas"...que están recollidas nos criterios do currículo.

A actitude e convivencia está asociada aos criterios de avaliación recollidos nas unidades didácticas, nos que se traballará sobre as habilidades de participación, respecto das opinións, traballo en equipo e responsabilidades individuais e grupais. A cualificación realizarase a través dunha táboa de indicadores de aprendizaxe cooperativa que incluírá á referencia ao traballo en equipo e ás responsabilidades individuais.

Criterios de recuperación:

Cando un alumno/ a non alcance o nivel suficiente na área teranse en conta os seguintes criterios de recuperación:

a) Tomar como referencia os contidos básicos de cada unidade didáctica.

b) Se os contidos a recuperar son recurrentes e aparecen en unidades didácticas posteriores daranse por recuperados se o alumno/a obtén calificación positiva en ditos contidos. En todo caso, planificaranse actividades individuais de traballo.

c) Se os contidos a recuperar son específicos dunha unidade didáctica planificaranse actividades individuais de traballo nas que o alumno/a poda demostrar que supera ditos contidos.

d) A resposta educativa para a recuperación reflexarase no Plan de Traballo Individualizado.

e) Para obter unha calificación positiva teranse en conta:

- O esforzo e a realización das actividades individuais de traballo propostas-

- O nivel de coñecementos adquiridos.

6. Medidas de atención á diversidade

Para atender á diversidade optamos por un modelo inclusivo, o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), permitirá a posibilidade de flexibilizar o currículo xeral e convertelo en real e adaptado ás características da aula (flexibilización que abrangue flexibilidade e variedade en obxectivos, métodos, materiais e avaliación). A pretensión é eliminar os atrancos físicos, sensoriais, afectivos e cognitivos para o acceso, aprendizaxe e participación que poida amosar o alumnado na área. Trátase de actuar sobre o contorno do alumnado para que non sexa discapacitante ou limitante (flexibilizar e variar tempos, espazos, materiais, linguaxes, niveis, organizacións, materiais, accesos e agrupamentos). Como non todo o alumnado procesa a información de igual xeito optárase por unha presentación con formatos e soportes diferentes que se acomoden ás diferentes percepcións (visual, auditiva, táctil...), comprensións, niveis de abstracción, monitoreo do progreso, intereses e tipos de linguaxe. Tamén, neste mesmo senso, favoreceranse diversas maneiras de expresar o aprendido, as diferentes linguaxes, serán elementos fundamentais a ter en conta xunto con estratexias diversificadas para as funcións executivas. Favorecerase a accesibilidade ao material, evitándose a sobreestimulación e as distraccións innecesarias. Promoverase a aprendizaxe entre iguais e a

aprendizaxe en equipos cooperativos. Diseñaranse actividades multinivel que permitan o traballo conxunto de todo o alumnado compartindo unha experiencia común, mais adaptada ao seu nivel e á súa capacidade de abstracción. Estas actividades deben estar inseridas en situacións de aprendizaxe, proxectos ou propostas integradas que posibiliten a contextualización necesaria. As avaliacións inicial, do proceso e final tamén atenderán á diversidade tanto nos instrumentos de recollida de datos (que deberán ter variedade), como nos tempos (que serán flexibles en función do alumnado e o seu ritmo) e nos procedementos e instrumentos de rexistro de datos. Deberase tamén ter presentes as necesarias autoavaliacións e coavaliacións.

Promoverase o traballo cooperativo así coma a participación activa do alumnado en todas as actividades propostas. Tendo como base o DUA, as actividades programadas están pensadas para ser adaptadas ás diferentes necesidades do alumnado así como aos diferentes niveis de competencia curricular. Empregaranse apoios visuais e manipulativos para o traballo dos contidos máis abstractos. Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación as súas circunstancias. A avaliación será flexible en canto aos tempos e aos instrumentos empregados en función das características e necesidades do alumando.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE: MEDIDAS ORDINARIAS

Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación as súas circunstancias: Adecuación horarios, agrupamentos, espazos do centro e da aula; adecuación PD, metodoloxías que promovan a inclusión, adaptación tempos e instrumentos avaliación, medidas mellora convivencia, reforzo educativo e apoio dispoñibilidade, programas de enriquecemento; programas de reforzo áreas instrumentais, programas de recuperación, programas específicos personalizados e programas de habilidades sociais.

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

Adaptación curricular, agrupamentos flexibles, apoio PT e AL, flexibilización. O traballo coordinado xunto co Departamento de Orientación, o equipo docente, e os distintos profesionais que inciden co alumando e a familia do alumnado será fundamental para a abordaxe das dificultades que poidan xurdir no proceso de ensino-aprendizaxe. O documento de referencia será o Plan Xeral de Atención á Diversidade, no que figurarán as posibles medidas tanto ordinarias como extraordinarias de atención á diversidade. Neste sentido, a información obtida na avaliación inicial axudará a escoller a/as medida/as de atención á diversidade, como poden ser o reforzo educativo, o apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria ou o apoio de profesorado especialista en Audición e Linguaxe e/ou Pedagogía Terapéutica. Será importante tamén a planificación de actividades de reforzo e ampliación para atender ao principio de individualización e o principio de igualdade de oportunidades do alumnado. Aplicaranse para aqueles alumnos que o precisen os Plans de reforzo establecidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X
ET.7 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.8 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais, aquí numerados, 1-9 trabállanse con regularidade no propio traballo de cada UD e nas actividades interrelacionadas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Remozando os nosos espazos.	Detectar espazos susceptibles de mellora e melloralos a través da arte en aprendizaxe de servizo	X	X	X
Exposicións dos traballos realizados en cada UD	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns...	X	X	X
Creación dunha produción audiovisual internivel.	A través de técnicas stopmotion recrear un audiovisual.	X	X	
Colaboración na exposición final solidaria.	No 3º trimestre realizarase unha exposición final solidaria coas obras realizadas.			X

Observacións:

Temos en conta que dentro das actividades complementarias estarán as visitas ao centro relacionadas coa Arte e os oficios, a participación nunha Semana de Clúster e as distintas actividades que se poidan desenvolver pola participación con outras institucións coas que o centro colabora ou pode colaborar.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado.
Funcionalidade da PD: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD.

Medidas de atención á diversidade
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas.
Clima de traballo na aula
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Aportouse información ao persoal docente titor.
Apoiouse a implicación das familia no traballo do alumnado.

Descrición:

En liñas xerais, e agás a enquisa, farase un seguimento trimestral a través de PROENS en sesión de avaliación co equipo docente para a comprobación dos indicadores de logro; neste senso, un cadro destes xunto co seu resultado incluírase, alomenos, nas correspondentes actas de ciclo.

De cara a reflectir a comunicación realizada da información ao persoal titor será suficiente con que este último así o faga constar nas correspondentes actas de ciclo e/ou en cada unha das actas posteriores á Xunta de Avaliación trimestral; neste centro a comunicación da información será, polo xeral, a través dunha pequena xuntanza, podendo ampliarse esta a través de comunicación electrónica.

Na funcionalidade da PD tamén se incluírán observacións das posibles necesidades e/ou propostas de cambio, reflectindo, especialmente, e entre outros puntos, se o número de sesións se adecúan e se estas son suficientes, de cara á elaboración de seguintes PD.

Ao mesmo tempo, o referido seguimento desta funcionalidade da PD, así como o cumprimento da temporalización, o emprego das diferentes metodoloxías e instrumentos de avaliación e as medidas de atención á diversidade faranse a través do propio PROENS, pois estas veñen aquí recollidas.

Para medir a consecución da participación activa de todo o alumnado e o apoio de implicación das familias no traballo do alumnado reflectírase o índice destes no rexistro diario de aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Segundo a Orde do 26 de maio de 2023: O Art.9.5. recolle que "O profesorado realizará o seguimento das programacións didácticas nos seus grupos de alumnado reflectindo o grao de cumprimento respecto do planificado, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e as propostas de modificación e/ou mellora".

En base a información obtida en dita orde, este seguimento será analizado e valorado polo equipo de ciclo cunha frecuencia mínima mensual deixando constancia nas correspondentes actas de reunión. Ademais, a través da programación de aula deseñaranse actividades concretas para o desenvolvemento efectivo desta programación, seleccionando os recursos, tempos e formatos axeitados en cada momento. Este deseño e desenvolvemento permitirá facer o seguimento da programación, a través da constatación dos obxectivos marcados e nelas farase unha análise do desenvolvemento efectivo, recollendo as modificacións e adaptando o proceso de aprendizaxe á realidade en cada momento nas aulas. As modificacións serán recollidas na memoria final, incluíndo as propostas de mellora en función daqueles indicadores non acadados ou das dificultades que se presenten no desenvolvemento da programación. Entre estas propostas de mellora poden incluírse a posibilidade de reorganizar os criterios de avaliación e contidos cunha secuencia diferente ou o emprego de outros recursos.

Neste mesmo contexto o Art.9.6 recolle que: "Os centros docentes sostidos con fondos públicos utilizarán a aplicación informática de programacións que pon á disposición a consellería con competencias en materia de educación para a elaboración e o seguimento das programacións didácticas.

Esta aplicación informática tamén se utilizará para a súa supervisión por parte das coordinacións de ciclo, dos equipos directivos e da Inspección educativa".

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

- Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.
- Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

- Revisión das necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, ACS, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1. ao que se lle engadirá, a maiores, os cadros precisos que inclúan a información adicional do presente apartado xunto coa información e resultados destes; posteriormente incluíranse como anexo nas correspondentes actas da coordinación de ciclo. Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados